

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa ás baixas e enfermidades da plantilla da residencia de maiores de Oleiros.

A residencia de maiores de Oleiros ten como problema de sempre a enorme carga de traballo que comporta para as traballadoras e traballadores do centro ao ser unha residencia ocupada por persoas con gran dependencia (284 prazas autorizadas) e cuxos residentes teñen unha idade media de 85 anos.

A maiores no centro faltan unhas normas de traballo claras (ausencia de protocolos de actuación) o que repercute negativamente na saúde da plantilla, ao traveso de diversas doenzas ao estar exposta a situacións de estrés e outros riscos psicosociais, con alteracións musculoesqueléticas, dermatolóxicas ou inmunitarias entre outras.

En atención ao referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Cales son os datos absolutos e porcentuais referidos á plantilla da residencia de maiores de Oleiros en materia de baixas médicas nos últimos dous anos en datos tamén desagregados por meses?
- Que avaliación de riscos psicosociais realizou no centro o servizo de prevención de riscos da Xunta de Galicia en resposta á petición da plantilla?



- Que emdidas vai adoptar de urxencia a Xunta para corraxir esta anómala situación que lesiona ás traballadoras e traballadores do centro?

En Compostela, 3 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 03/02/2015 15:06:46

Eva Solla Fernández na data 03/02/2015 15:06:49